

2015

APE GALICIA

Asociación intersectorial e
interterritorial de autónomos e
pequenas empresas de Galicia

BOLETÍN MARZO

AXUDAS PARA AGRICULTORES E GANADEIROS
AXUDAS PARA EMPRENDEDORES
AXUDAS PARA A CONSTRUCCIÓN
PROGRAMA PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN LUGO
PROGRAMA PARA O FOMENTO DO EMPREGO EL VIGO
PROGRAMA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NAS PONTES
MODIFCACIÓN DA BASE DE COTIZACIÓN

[Pagamentos directos á agricultura e á gandería e axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 15/05/2015]

LIÑAS DE AXUDA

1) As liñas de axuda están integradas polos pagamentos directos á agricultura e á gandería

a) Un pagamento básico aos agricultores («régime de pagamento básico»).

b) Un pagamento para os agricultores que apliquen prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente.

c) Un pagamento suplementario para os novos agricultores que comecen a súa actividade agrícola.

d) Un réxime de axuda asociada:

1ª. Axuda asociada aos cultivos proteicos.

2ª. Axuda asociada aos legumes de calidade.

3ª. Axuda asociada para as explotacións que manteñan vacas nutrices.

4ª. Axuda asociada para as explotacións de vacún de ceba.

5ª. Axuda asociada para as explotacións de vacún de leite.

6ª. Axuda asociada para as explotacións de ovino.

7ª. Axuda asociada para as explotacións de cabrún.

8ª. Axudas asociadas para os gandeiros de vacún de leite, vacún de ceba e de ovino e cabrún que mantiveron dereitos especiais en 2014 e non dispoñen de hectáreas admisibles para a activación de dereitos de pagamento básico.

9ª. Tamén poderá solicitarse calquera outra axuda asociada regulada no título

IV do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro.

e) Un réxime simplificado para os pequenos agricultores.

2. solicitudes de axuda e pagamento das medidas de desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control:

a) Solicitudes de axuda e pagamento das seguintes medidas do Programa de desenvolvemento rural (en diante PDR) de Galicia 2007-2013:

1ª. Axudas destinadas a indemnizar os agricultores polas dificultades naturais en zonas de montaña e axudas destinadas a indemnizar os agricultores polas dificultades naturais en zonas distintas ás de montaña

2ª. Prima anual de mantemento asociada ás axudas de primeira forestación de terras non agrícolas e ás axudas para o fomento das frondosas caducifolias.

b) Solicitudes de axuda e pagamento das seguintes medidas do PDR de Galicia 2014-2020:

1ª. Agroambiente e clima.

2ª. Agricultura ecolóxica.

REFERENCIA LEXISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150311/AnuncioG0165-100315-0001_gl.html

**[SUBVENCIONES PARA PROMOVER EL AUTOEMPLEO Y LA ACTIVIDAD EMPRENDEDORA EN LA COMUNIDAD AUTÓNOMA GALLEGA DE LAS PERSONAS GALLEGAS RETORNADAS
PRAZO DE PRESENTACIÓN HASTA EL 30 DE SEPTIEMBRE]**

El objetivo es promover el retorno de las personas emigrantes y de los familiares a través del fomento del autoempleo y la actividad emprendedora de las personas gallegas retornadas en la Comunidad Autónoma gallega, subvencionando los gastos que lleva consigo su establecimiento como trabajadores autónomos o por cuenta propia, o como socios trabajadores de sociedades laborales o cooperativas de trabajo asociado.

BENEFICIARIOS

1. Las personas gallegas y nacidas en Galicia que residiendo fuera de España retornen a la Comunidad Autónoma gallega.

2. Los cónyuges o personas con unión análoga a la conyugal e hijos, de las personas relacionadas en el punto 1 con residencia en el extranjero, que residiendo fuera de España se establezcan en la Comunidad Autónoma de Galicia.

REQUISITOS

1. Requisitos comunes.

a) Acreditar la condición de persona beneficiaria de acuerdo con lo dispuesto en el apartado anterior.

b) Estar en posesión de la nacionalidad española antes del retorno a España.

c) No haber transcurrido más de dos años entre la fecha de su retorno a España y la fecha de presentación de la solicitud.

d) Residir y ejercer su actividad laboral o profesional en la Comunidad Autónoma de Galicia.

e) No haber sido beneficiaria de esta ayuda para la misma actividad al amparo de anteriores convocatorias.

2. Requisitos específicos.

2.1 Trabajadores autónomos o por cuenta propia:

a) Ser titular o copartícipe de un negocio o explotación o formar parte de una sociedad civil o comunidad de bienes de nueva creación.

b) Haberse dado de alta en el régimen correspondiente de la Seguridad Social o mutualidad del colegio profesional que corresponda, en el período al que se refiere el punto c) del apartado de requisitos comunes.

2.2. Socios trabajadores de sociedades laborales o cooperativas de trabajo asociado:

a) Las entidades deberán estar legalmente constituidas e inscritas en el Registro Administrativo de Sociedades Laborales de Galicia o en el Registro de Cooperativas de Galicia.

b) Afiliación de la entidad en la Seguridad Social y de cada una de sus personas trabajadoras en el período al que se refiere el punto c) del apartado de requisitos comunes.

GASTOS SUBVENCIONABLES

Los gastos de establecimiento tales como gastos de notaría y registro, servicios de profesionales, tasas, licencias administrativas, gastos derivados del desarrollo e implantación de la página web y de la pasarela de pago para la realización de ventas online, publicidad y propaganda, primas de seguros, arrendamiento de local, de maquinaria y de equipamientos informáticos, y suministro de servicios imputables al desarrollo de la actividad (calefacción, agua, electricidad, telefonía e internet), generados hasta la finalización del plazo de justificación recogido en la resolución

REFERENCIA LEGISLATIVA

<http://emigracion.xunta.es/files/linha-axuda/2015/03/25624-anunciog0244-270215-0001-gl.pdf>

[SUBVENCIONES PARA PROMOVER O SECTOR DA CONSTRUCCIÓN]

PRAZO DE PRESENTACIÓN HASTA EL 11 DE MAYO]

A Consellería de Economía e Industria publicou o pasado 13 de marzo tres liñas de axuda para tratar de dinamizar o sector da construcción.

Trátanse de subvencións de concorrencia non competitiva para a renovación de cubertas con tella cerámica, renovación de cubertas con lousa e para a rehabilitación con granito de fechadas.

A continuación destacaremos os aspectos máis salientables de cada unha de estas liñas:

1. Subvencións para a renovación de cubertas con tella cerámica

Poderán ser beneficiarios das subvencións os particulares ou as comunidades de propietarios.

O obxectivo é fomentar a renovación de cubertas con tella cerámica para obter melloras significativas na demanda enerxética dos edificios cos conseguintes aforros en termos económicos.

A actuación subvencionable será a renovación de cubertas existentes de vivendas ou edificios de vivenda colectiva, así como nas súas edificacións anexas, por unha cuberta de tella cerámica. Non se admitirán as solicitudes que consistan na realización de obras ou traballos de renovacións parciais da cuberta.

A renovación ten que cumprir ou mellorar as exixencias mínimas que fixa o Código técnico da edificación no documento «DB HE-1 Limitación da demanda enerxética».

Consideraranse custos subvencionables aqueles gastos que se xeren e que sexan directamente imputables ás actuacións de renovación de cubertas, en concreto:

- Custos de materiais das novas cubertas de tella cerámica.
- Custos de desmontaxe das cubertas existentes.

- Custos de montaxe das novas cubertas de tella cerámica.
- Custos dos proxectos de arquitectura ou enxeñaría na parte correspondente ás actuacións que se van subvencionar.
- Custos de licenzas.

Custos non subvencionables:

- Os gastos e custos financeiros, como consecuencia do investimento.
- Os gastos realizados en bens usados.

O imposto sobre o valor engadido (IVE) subvencionarase cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Será subvencionable ata o 30 % do custe total.

REFERENCIA LEGISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150313/AnuncioCA04-060315-0003_gl.html



2. Subvencións para a renovación de cubertas de lousa

Obxecto fomentar a renovación de cubertas con lousa para obter melloras significativas na demanda enerxética dos edificios cos conseguintes aforros en termos económicos.



A actuación subvencionable será a renovación de cubertas existentes de vivendas ou edificios de vivenda colectiva, así como nas súas edificacións anexas, por unha cuberta de lousa. Non se admitirán as solicitudes que consistan na realización de obras ou traballos de renovacións parciais da cuberta.

A renovación ten que cumprir ou mellorar as exigencias mínimas que fixa o cumprimento do Código técnico da edificación no documento «DB HE-1 Limitación da demanda enerxética».

Consideraranse custos subvencionables aqueles gastos que se xeren e que sexan directamente imputables ás actuacións de renovación de cubertas, en concreto:

- Custos de materiais das novas cubertas de lousa. A lousa pertencerá na súa calidade comercial á primeira selección.
- Custos de desmontaxe das cubertas existentes.
- Custos de montaxe das novas cubertas de lousa.
- Custos dos proxectos de arquitectura ou enxeñaría na parte correspondente ás actuacións que se van subvencionar.
- Custos de licenzas.

Custos non subvencionables:

- Os gastos e custos financeiros como consecuencia do investimento.
- Os gastos realizados en bens usados.

O imposto sobre o valor engadido (IVE) subvencionarase cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Para as actuacións incluídas nesta convocatoria, o custo subvencionable máximo será de 70 € por m² de cuberta. A contía da subvención será do 30 % dos custos totais subvencionables (IVE incluído, cando tal imposto sexa subvencionable).

REFERENCIA LEXISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/2/0150313/AnuncioCA04-060315-0002_gl.html

3. Subvención para a rehabilitación con granito das fachadas de edificacións de vivenda existentes

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto fomentar a rehabilitación con granito das fachadas de edificacións de vivenda existentes contribuíndo a embelecer o tecido construtivo galego cun material de fácil colocación e respectuoso co ambiente á vez que se mellora a eficiencia enerxética.



A actuación subvencionable será a rehabilitación con granito da envolvente das fachadas existentes de vivendas ou edificios de vivenda colectiva. Non se admitirán as solicitudes que consistan na realización de obras ou traballos de rehabilitacións parciais da fachada.

Os tipos de fachada ou envolventes térmicas subvencionables son fachadas pegadas de granito, fachadas trasventiladas de granito e fachadas de perpiaño, coas características seguintes:

a) Fachadas pegadas de granito: composta de placas de granito pegadas con morteiros ou adhesivos á estrutura soporte, e suxeitas con ancoraxes de varilla como elemento de seguridade.

b) Fachadas trasventiladas de granito: composta de placas de granito fixadas á estrutura soporte mediante un sistema de ancoraxe, existindo entre elas unha cámara de aire e un material illante.

c) Fachadas de perpiaño: composta de perpiaño de granito de espesor aproximado entre 6 e 12 cm, unha cámara de aire, un illamento e unha estrutura interior. As pezas de granito estarán unidas á estrutura interior mediante ancoraxes puntuais de seguridade.

A rehabilitación da fachada ten que cumprir ou mellorar as exixencias mínimas que fixa o Código técnico da edificación no documento «DB HE-1 Limitación da demanda enerxética».

A solución construtiva elixida ten que cumprir as especificacións da norma «UNE 22203. Construción de aplacados de fachada con pedra natural» en canto ao deseño e construción da fachada ou envolvente térmica.



Consideraranse custos subvencionables aqueles gastos que se xeren e que sexan directamente imputables ás actuacións de rehabilitación de fachadas con granito, en concreto:

- Custos de memorias básicas, informes técnicos e certificados necesarios, ou proxectos de arquitectura ou enxeñaría na parte correspondente ás actuacións que se van subvencionar.
- Custos de licenzas.
- Custos de desmontaxe do material de fachada ou envolvente existente.
- Custos dos materiais: granito, morteiros e adhesivos, ancoraxes e sistemas de ancoraxe e o material illante.
- Custos de man de obra civil e instalacións auxiliares necesarias para a montaxe da nova envolvente de granito.

Custos non subvencionables:

- Os custos dos materiais da estrutura soporte da fachada.
- A substitución ou instalación das carpintarías exteriores (portas e fiestras) e vidros.
- Os gastos e custos financeiros, como consecuencia do investimento.
- Os gastos realizados en bens usados.

O imposto sobre o valor engadido (IVE) subvencionarase cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Con carácter xeral, a contía da subvención será do 30 % dos custos totais subvencionables (IVE incluído, cando tal imposto sexa subvencionable) cun máximo de:

- a) 12.000 € por vivenda unifamiliar illada.
- b) 40.000 € por edificio de vivendas en bloque.

REFERENCIA LEXISLATIVA

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150313/AnuncioCA04-060315-0001_gl.html

[PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO E A ECONOMÍA DOS SECTORES ESTRATÉXICOS DA PROVINCIA DE LUGO- BEN EMPREGADO II.

PRAZO DE PRESENTACIÓN ATA O 15 DE ABRIL]

Nesta convocatoria poderán ser entidades beneficiarias da subvención, pequenas empresas e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, empresarios individuais e profesionais, comunidades de bens e sociedades civís, así como asociacións, federacións, fundacións, e outras entidades sen ánimo de lucro

A contía da subvención concedida será a suma dos custos salariais imputables para os traballadores contratados durante o período de tempo subvencionado, considerándose gastos subvencionables os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada persoa traballadora desempregada contratada. Poderase imputar a esta subvención un máximo de doce meses de contrato. As entidades deberán asinar co/s traballador/es un contrato inicial en calquera modalidade prevista legalmente, por un período mínimo de 12 meses. Para todos os efectos este contrato rexerese polo lexislación laboral vixente.

REFERENCIA LEXISLATIVA

Anuncio 150331. Boletín Oficial de la Provincia de Lugo número 73 de 31 de marzo de 2015.

www.deputacionlugo.org

[CONVOCATORIA DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2015 DO CONCELLO DE VIGO

PRAZO DE PRESENTACIÓN ATA O 15 DE XULLO]

Poderán acollerse a estas axudas os empresarios individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 de abril de 2014 e o 31 de marzo de 2015 (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.) que sexan viables técnica, económica e financeiramente e que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos.

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos **gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa** durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 3.000€ por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

REFERENCIA LEXISLATIVA

<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=514&lang=ga>

[PROGRAMA "AS PONTES EMPRENDE"]

PRAZO DE PRESENTACIÓN ATA O 30 DE SETEMBRO]

Este programa ten por finalidade incentivar a creación de novos proxectos empresariais e en xeral fomentar a actividade empresarial, contribuíndo deste xeito á xeración de emprego no ámbito municipal do Concello das Pontes.

BENEFICIARIO

Poderá ser beneficiario calquera persoa física ou xurídica cun novo proxecto empresarial, sexa autónoma individual ou autónoma integrada nunha sociedade civil, mercantil, sociedade laboral ou comunidade de bens que, cumpran os seguintes requisitos:

- Desenvolver a súa actividade empresarial no Concello das Pontes
- Empadroadado no Concello das Pontes no momento de inicio da actividade.
- Estar en situación de desemprego no momento da alta no (R.E.T.A)
- Estar dada de alta no Réxime especial de traballadores autónomos ou nalguna mutualidade dos colexios profesionais a partir do 01 de xaneiro de 2015.
- Que sexan empresas de nova creación
- Que presenten un proxecto empresarial viable técnica, económica e financeiramente, acreditado na forma establecida
- Que non desenvolvesen, como

traballadores autónomos no R.E.T.A ou réxime similar, igual actividade empresarial no Concello de As Pontes, nos seis meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade.

- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais
- Manter a actividade por conta propia durante un período mínimo de dezaioito meses; en caso contrario, o beneficiario/a estará obrigado a reintegrar na Tesouraría do Concello a subvención percibida.
- Ter concedidas, de seren necesarias, todas as licenzas pertinentes para o desenvolvemento da actividade ou, no seu defecto, xustificar que se están a tramitar.

CUANTÍA SUBVENCIONABLE

As axudas engadidas nesta convocatoria enmárcase en dúas liñas de actuación:

- 1) **IMPULSATE:** axuda cun importe máximo de dous mil euros (2.000 €) por persoa beneficiaria (física ou xurídica) para os gastos de aluguer para o desenvolvemento da actividade do ano 2015.
- 2) **INSTALATE:** axuda cun importe máximo de 1.000 euros (1.000 €) por persoa beneficiaria para os gastos de inmovilizado material e inversión en adecuación de locais para a posta en marcha da actividade.

REFERENCIA LEXISLATIVA

<http://www.ippec.es/>



PROGRAMA
"AS PONTES EMPRENDE"
DE AXUDAS MUNICIPAIS Á
CREACIÓN DE EMPRESAS PARA O ANO 2015.



[CAMBIO DA BASE DE COTIZACIÓN

PRAZO DE PRESENTACIÓN ATA O 30 DE ABRIL

A base de cotización é o soldo teórico que elixes como autónomo (entre un mínimo e un máximo que se establece cada ano), sobre o cal se aplican os diferentes conceptos ou tipos polos que se cotiza, o que dará como resultado unha cota mensual ou outra.

Aínda que a maioría dos autónomos adoita cotizar polo mínimo, nalgunhas ocasións interesa aumentar a base de cotización de face, por exemplo, á xubilación.

Podedes solicitar que, mentres manteñan a súa situación de alta neste Réxime Especial, a súa base de cotización increméntese automática e anualmente no mesmo porcentaxe en que se aumenten as bases máximas de cotización neste Réxime Especial ou ben podedes modificar a base de cotización, no Réxime Especial indicado, única e exclusivamente para o ano natural seguinte a cando se efectúa a petición de cambio.

O prazo durante o cal se pode efectuar o cambio de base de cotización é o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de abril, con efectos do 1 de xullo seguinte.

Durante o prazo indicado poderás realizar tantas solicitudes como desexes, pero só se terá en conta a última petición realizada. Este servizo permite, ademais, a obtención dun xustificante da solicitude formulada.

Así mesmo, poderás modificar a base de cotización para o mesmo ano no que se efectúa a petición de cambio, se durante o ano natural anterior tiveches as bases máximas permitidas até o momento, podendo elixir calquera base de cotización das



TESORERÍA GENERAL DE LA
SEGURIDAD SOCIAL

BASES DE COTIZACIÓN DO 2015

- A mínima base de cotización este ano é de 884,4 euros ao mes.

- Para os traballadores autónomos de 48, 49, 50 ou máis anos a data 1 de xaneiro de 2015 a base mínima de cotización é de 953,7 euros.

- Os autónomos que a 1 de xaneiro de 2015 teñan 47 anos e coticen por unha base inferior a 1.926,6 euros, non poderán elixir unha base de cotización superior a 1.945,8 euros, agás se exercitan tal opción antes do 30 xuño deste ano.

- A base de cotización máxima para os traballadores autónomos de 47, 48, 49 e 50 anos ou máis (salvo algunhas excepcións) é de 1.945,8 euros

- A máxima base de cotización en 2015 é de 3.606 euros

REFERENCIAS

http://www.seg-social.es/Internet_1/Trabajadores/CotizacionRecaudaci10777/Basesytiposdecotiza36537/index.htm

https://sede.seg-social.gob.es/Sede_1/ServiciosenLinea/Ciudadanos/231529